

**AS ÁNIMAS EN PENA**

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_NoCa\_0006\_001\_id721\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_NoCa\_0006\_001\_id721.mp3

**TIPO DE DOCUMENTO:** Rexistro directo dun evento. Conto  
**MATERIAL DISPOÑIBLE:** Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)  
 Transcripción de texto

**DURACIÓN:** 0:02:20

**DATOS DA RECOLLIDA**

- **DATA DA RECOLLIDA:** 1998
- **LOCALIZACIÓN:**
  - Lugar/ aldea/ barrio:
  - Parroquia:
  - Concello: Baiona
  - Provincia: Pontevedra
  - País: Galicia
- **INFORMANTE**
  - Nome: Señora María
  - Idade no momento da recollida: 105
- **RECOLLEDOR/ORA:** Ruth Fernández González
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
  - Título xenérico: A Santa Compañía
  - Tipo: Contos relixiosos
  - Subtipo: Outros contos relixioso
  - Referencia: 836G CaChe



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## CONTEXTO

Durante a década de 1990 até os anos 2000, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos, dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que se encargaron de facer as recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

## BIBLIOGRAFÍA

- NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.  
 NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratrea.  
 NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

## PALABRAS CHAVE

conto, narración, Santa Compañía

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRICIÓN



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

[...] indo pr'alá pr'a Ghuardia a colle-lo arghaso, de ghañar unha peseta porque non había onde ghañar pra comer. Resulta que chegharon á mitá dun camiño, encontraron unha xente que viña con luses por alí arriba, con velas – faroles, velas e así -. As mulleres ían unhas diante doutras ou outras así ó par, como fora. Pero aquí adiante díxolle aquelas almas, que disen que eran almas do outro mundo que penaban porque non había muitas misas; non había quen rezaba e esas cousas. Entonses díxolle aquí adiante, díxolle: “Por cousa túa, por cousa túa, eu que ía diante, que era a primeira que me ía salvar, teño que quedar atrás”, pra lle avisar a aquelas mulleres, que ían falando, ían disindo así cousas... E perderon a campaña, que lle chamaban a campaña. E ela, que quedaba agora de última: “Ahora por causa vosa teño, que eu que me iba salvar, teño que ir atrás e quedo de última; sálvanse as que van diante i eu quedo así”. Ela seghía penando. Entonses despois foi cando se descubriu que eran as ánimas que andaban penando, que había toque de oración, de mañán tocaban a oración, resaban, pero xente tan abandonada que non resaba... que foi perdéndose esa costumbre porque agora non tocan a oración de mañán. Tocaban á noite tamén ás ánimas; antes da oito tocaban a oración e ó dar as oito tocaban as campanas da ighlesia ás animas, e eu viña do muíño [...] de moer unha saqueta de millo [...]